



Guía de Publicación de Bandos e Anuncios

Pasos prácticos para manter o taboleiro da web actualizado. Guía oficial para o persoal do Concello de Xunqueira de Ambía.

O Sistema de Taboleiro Virtual



Concello Xunqueira de Ambia

Inicio

Sede Electrónica

Concello

Bandos e Anuncios

Servizos

Subvencións

Cultura e Patrimonio

Peregrinos

PARROQUIA	LUGAR
A ABELEDA	A ABELEDA
	BUSTELO
	CASASOA
	CIMA DE VILA
	FONDO DE VILA
	PADROSO
	PAZOS DA ABELEA
SOBRADELO	TELLADA, A
	XUNQUEIRA DE AMBIA
	BUSTELINO
	SAN ROMAN
	SOBRADELO
	XUNQUEIRA DE AMBIA

XESTIÓN DA BIOMASA

RELACIÓN DE PARROQUIAS E LUGARES PRIORIZADOS DENTRO DO CONVENIO DE XESTIÓN DE BIOMASA EN FAIXAS SECUNDARIAS

O Concello de Xunqueira de Ambia, informa de que, en virtude do Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e SEAGA para o período 2026- 2029 en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais as parroquias de SOBRADELO E A ABELEDA consideranse parroquias prioritizadas para a prestación do sistema público de xestión de biomasa.

Participación voluntaria

O acceso ao servizo é voluntario para as persoas responsables dos terreos afectados e realizárase a través do Concello coa Técnica de Biomasa.

Coste do servizo

A tarifa establecida para as persoas que formalicen o contrato será de 420€ por hectárea (nunha parcela de 1000m2 o custe sería de 42€ anuais) e anualidade durante o período 2026-29.

O contrato terá unha duración de un ano renovable ata 2029.

De non facer o contrato, as persoas responsables das fincas prioritizadas teñen a responsabilidade de mantelas limpas por elas mesmas antes do 31 de maio de cada ano.

ANUNCIO

OBRIGAS SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Ver Anuncio

Imaxe á esquerda

Un cartel ou foto representativa do bando.

Texto á dereita

Breve, directo e fácil de ler dende o móbil.

Botón de descarga

Enlace ao PDF oficial correspondente.

Como funciona?

A sección de "**Bandos e Anuncios**" é unha das páxinas visitadas pola veciñanza con frecuencia. O sistema é sinxelo e visual:

Añadir a Sección

Para engadir un bando novo **non fai falta crear todo dende cero**. A forma máis rápida e segura é aproveitar o traballo xa feito.

01

Entra na páxina

Abre "Bandos e Anuncios" no editor de IONOS.

02

Localiza o último bando

Pon o rato por riba do último bando publicado.

03

Añadir sección

Fai clic en "**Añadir sección**".

ANUNCIO

OBRIGAS SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Ver Anuncio

Editar o Contido do Novo Bando

Unha vez duplicado o bloque, só tes que facer clic nos elementos antigos e substituílos polos novos.

O Título

Escribe o título do novo bando.
Exemplo: *"Axudas para libros de texto"*.

O Texto

Borra o texto vello e escribe o novo.
Lembra ser breve e ir ao gran.

O Botón

Fai clic no botón **"Ver Anuncio"** ou **"Descargar"** e cambia a ligazón para que leve ao novo PDF.

 **Importante:** Comproba sempre que o enlace do botón funciona antes de publicar.



Limpeza: Que Facemos cos Bandos Vello?

Se non facemos limpeza, a páxina de Bandos será infinita e imposible de ler. Debemos manter só os bandos **activos ou recentes**.



Borrar

Cando un anuncio xa caducou (prazo pechado, evento pasado...), selecciona a sección e bórraa coa **icona da papeleira**.




Arquivar

Se queres gardar algo "por se acaso", podes movelo a unha páxina oculta a modo de arquivo histórico.

Último Paso: Revisar e Publicar

Antes de confirmar nada, fai estas dúas comprobacións na barra superior de IONOS.



**Revisión
móbil**

Publicar

Estes dous pasos garanten que o bando se publicará correctamente e que toda a veciñanza poderá lelo sen problemas dende calquera dispositivo.

Revisión Móbil

Fai clic na icona "**Smartphone**" (arriba no centro) para asegurarte de que a foto, o texto e o botón se len ben en pantallas pequenas.

Publicar

Se todo está correcto, fai clic no botón azul da esquina superior dereita que di "**Volver a publicar**". Xa está na rúa!